

INFORMACIÓN BECAS NEAE 2026/27 PARA AS FAMILIAS SOLICITANTES DA AXUDA

Prazo de presentación: 19 de maio ao 10 de setembro (ata as 15 h.)

Forma de presentación:

A **solicitud** deberá ser, en todo caso, **telemática***. O programa permitirá descargar un xustificante de que a beca está efectivamente presentada en tempo e forma.

A solicitude quedará completa se no xustificante de presentación a familia 1) non se atopa en ningún dos casos que figuran na primeira folla e/ou 2) non aparece na última folla que falta algún familiar por asinar.

De atoparse neses casos terán que presentar a documentación complementaria e/ou o xustificante asinado manualmente, nun rexistro público, ben presencial (Xunta de Galicia, Concellos, outros...), ben electrónico (sede electrónica da Xunta empregando o modelo xenérico PR004A con certificado dixital ou chave 365) dirixido a Dirección Territorial da Consellería de Educación de Lugo (Servizo de Apoio aos Servizos Educativos).

As familias do alumnado solicitante de beca NEAE que vaian empregar gabinete/especialista (reeducación pedagóxica, reeducación da linguaxe ou programa de altas capacidades), unha vez solicitada a beca e descargado o xustificante, deberán levalo ao centro educativo para solicitar o anexo VI e acudir ao gabinete/especialista para, unha vez cuberto o anexo, entregalo no centro que completará a beca cos seus anexos para enviala a unidade de becas.

Enlace á sede electrónica do Ministerio:

<https://www.educacionfpydeportes.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/05/050140/ficha/050140-2026.html>

* Só poden facer uso do **formulario de solicitude manual** aquelas familias nas que ningún dos membros dispoña de NIE con número de soporte. Ese impreso debe ser solicitado á Unidade de Becas unha vez teña transcorrido a metade do prazo de solicitudes.